



ruta do viño do  
ribeiro

## PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES NA RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO

Do 12 ao 14 de Maio

### Buses do viño

O sábado 13 de maio sairán autobuses dende Ourense, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela e A Coruña. O domingo 14 de maio sairán desde Santiago de Compostela, Pontevedra e Ourense. En cada ruta visitaranse algunhas das adegas participantes na Primavera de portas abertas e parte do patrimonio vitivinícola. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**  
Ruta do Viño do Ribeiro  
Tel.: 988 477 100  
ruta@rutadelvinoribeiro.com  
www.rutadelvinoribeiro.com

Prezo: 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos).  
Xantar non incluído.  
Prazas limitadas, necesaria reserva previa.


### Sábado | 13 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Ourense	<b>09.30 h</b> Ourense (Parque San Lázaro) <b>09.45 h</b> Estación de tren de Ourense <b>10.00 h</b> Ribadavia (Casa da Cultura)	Roteiro patrimonial Leiro-San Clodio Adegas Cuñas Davia Roteiro teatralizado por Pazos de Arenteiro Licores Os Maios Xantar opcional en Pazo de Toubes ou en Ribadavia	<b>20.00 h</b>
Pontevedra	<b>09.00 h</b> Pontevedra (parada de bus Capela de San Roque, ao lado da Alameda) <b>10.10 h</b> Ribadavia (Casa da Cultura)	Viña Costeira Gandarela Turismo Rural Leive Ecoadega Adegas Pousadoiro Xantar opcional en Ribadavia	<b>20.00 h</b>

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Vigo	<b>09.15 h</b> Vigo (R/ Areal, antigo reitorado) <b>10.15 h</b> Ribadavia (Casa da Cultura)	Bodegas Cunqueiro Adegas Celme – Cata de vermú Adegas Ramón do Casar Xantar opcional en Arnoia Caldaria Hotel Balneario ou no Parque Náutico de Castrelo	<b>20.00 h</b>
Santiago de Compostela	<b>09.00 h</b> Santiago (Dársena de Xoan XXIII) <b>10.15 h</b> Ribadavia (Casa da Cultura)	Roteiro pola aldea vitivinícola de Beade Adegas San Roque de Beade Pazo de Vieite Casal de Armán Museo do Viño Xantar opcional en Ribadavia ou en restaurante Casal de Armán	<b>20.00 h</b>
A Coruña	<b>09.00 h</b> A Coruña (parada de bus Praza de Ourense) <b>11.00 h</b> Ribadavia (Casa da Cultura)	Casa Museo Antón Losada Diéguez. Visita teatralizada Adegas Paseo fluvial Laias – Razamonde Visita a Priorato de Razamonde Xantar opcional en Ribadavia	<b>20.00 h</b>

## Domingo | 14 de maio

RUTA	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
Ourense	<b>09.30 h</b> Ourense (no Parque San Lázaro) <b>09.40 h</b> Estación de Tren de Ourense <b>10.00 h</b> Ribadavia (casa da Cultura)	Castro de San Cibrao de Las Pazo de Toubes - Pícnic entre viñedos Adegas Pousadoiro	<b>17.30 h</b>
Santiago de Compostela	<b>09.15 h</b> Santiago (Dársena de Xoan XXIII) <b>10.40 h</b> Casa da Cultura de Ribadavia	Visita teatralizada a Pazos de Arenteiro Adegas Cuñas Davia - petisco con menú artesanal e maridaxe con produtos km.0 Museo do Viño	<b>17.30 h</b>
Pontevedra	<b>09.15 h</b> Pontevedra (parada de bus Capela de San Roque, ao lado da Alameda)	Adegas Celme Santa María de Castrelo de Miño Licores os Maios Xantar en Arnoia Caldaria Hotel Balneario ou no Parque Náutico de Castrelo	<b>17.30 h</b>

 A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como o dereito a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 10 participantes. O xantar non está incluído. Importante levar roupa e calzado cómodos. Os horarios de regreso son aproximados. Imprescindible asinar e entregar á organización: Autorización para a publicación de imaxes (menores, si é o caso, e persoas adultas), dispoñible a descarga en [www.rutadelvinoribeiro.com](http://www.rutadelvinoribeiro.com)

### CONCERTO MUSICAL

Concerto promovido pola Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro co gallo da celebración da Primavera de portas abertas nas Rutas dos Viños de Galicia.

🕒 Sábado, 13 de maio, ás 22.30 h

€ Gratis

📍 Praza Maior de Ribadavia

📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Ruta do Viño do Ribeiro

Tel.: 988 477 100

[www.rutadelvinoribeiro.com](http://www.rutadelvinoribeiro.com)

[ruta@rutadelvinoribeiro.com](mailto:ruta@rutadelvinoribeiro.com)

### RIBEIRO DE TAPEO

Os restaurantes participantes na Primavera de portas abertas presentarán unha oferta variada de petiscos que se poderán harmonizar cos viños das diferentes adegas participantes. Aforo limitado, necesaria inscrición.

🕒 Sábado 13 de maio, de 19.30 ás 22.00 h

€ 8 € / persoa (5 petiscos e 3 viños. Depósito previo de 2 €/copa, que serán reembolsados ao devolver a copa)

📍 Igrexa da Madalena, Praza da Madalena (Ribadavia)

📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Ruta do Viño do Ribeiro

Tel.: 988 477 100

[www.rutadelvinoribeiro.com](http://www.rutadelvinoribeiro.com)

[ruta@rutadelvinoribeiro.com](mailto:ruta@rutadelvinoribeiro.com)

### VISITA NOCTURNA DE RIBADAVIA

Visita nocturna guiada pola vila de Ribadavia. Pasearemos pola capital do Ribeiro coñecendo a súa historia a través de anécdotas, persoeiros e contos relacionados co mundo do viño.

🕒 Venres 12 de maio, de 20.00 a 21.30 h

€ 2 € / persoa

📍 Saída desde a Oficina municipal de Turismo de Ribadavia

📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Ruta do Viño do Ribeiro

Tel.: 988 477 100

[www.rutadelvinoribeiro.com](http://www.rutadelvinoribeiro.com)

[ruta@rutadelvinoribeiro.com](mailto:ruta@rutadelvinoribeiro.com)

### MUSEO DO VIÑO DE GALICIA

Exposición permanente sobre a cultura e produción do viño en Galicia, a viticultura e os oficios tradicionais, as Denominacións de Orixe galegas, etc.

🕒 Venres 12, sábado 13 e domingo 14 de maio

Visitas guiadas: ás 11.00 e ás 17.30 h. Ás 12.00 e ás 18.00 h visitas guiadas para familias

Visitas guiadas a grupos (máis de 10 persoas): a calquera hora de apertura habitual (10.00 - 14.30 h e de 16.00 - 19.30 h)

€ Visita gratuíta

📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Museo do Viño de Galicia

Tel.: 988 783 075

<http://museovinogalicia.xunta.gal/gl>

[información-museodovinho.cultura@xunta.gal](mailto:información-museodovinho.cultura@xunta.gal)



## MUSEO ETNOLÓXICO

Poderemos visitar diferentes exposicións do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

🕒 Venres 13 e sábado 14 de maio, de 10.00 a 20.00 h

€ Visita libre e gratuíta

### 📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Museo Etnolóxico de Ribadavia

Tel.: 988 788 720

<http://museoetnoloxicoribadavia.blogspot.com.es>

[mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal](mailto:mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal)

## OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DE RIBADAVIA

Punto de información sobre os viños e viñas do Ribeiro. Ofrecerase información específica sobre a cultura vitivinícola do Ribeiro.

🕒 Sábado 13 de maio, de 10.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h

Domingo 14 de maio, de 10.30 a 14.30 h

### O Camiño do Viño

Viaxe iniciática á cultura e á historia do viño en Galicia organizada polo concello de Ribadavia e a Ruta do viño do Ribeiro. Seguindo os pasos dos arrieiros que levaban o viño a Compostela e Pontevedra, faremos unha ruta a pé pasando por vellas adegas, antigos pazos, camiños medievais e aldeas históricas. Prazas limitadas, necesaria inscrición previa.

🕒 Domingo, 15 de maio, de 10.00 a 14.00 h

€ Gratis

📍 Saída dende a Praza Maior de Ribadavia

### 📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Oficina Municipal de Turismo

Tel.: 988 471 275

[www.turismoribadavia.gal](http://www.turismoribadavia.gal)

[turismo@ribadavia.es](mailto:turismo@ribadavia.es)

## OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DE OURENSE

Punto de información sobre o concello de Ourense e sobre a Primavera de portas abertas na Ruta do Viño do Ribeiro.

🕒 Venres 12 de maio de 09.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h

Sábado 13 e domingo 14 de maio, de 11.00 a 14.00 h

### 📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Oficina de Turismo Municipal de Ourense

Tel.: 988 366 064

[www.turismodeourense.gal](http://www.turismodeourense.gal)

[turismo@ourense.es](mailto:turismo@ourense.es)

## ACTIVIDADES DE ADEGAS CELME

### Tostado. O rei dos viños galegos e a súa maridaxe

Visita aos viñedos ecolóxicos e ao secadeiro de uva. Coñeceremos a historia e a tradición dun dos viños máis nobres e saborearemos



a súa esencia cunha maridaxe digna de reis

🕒 Venres 12 e domingo 14 de maio, ás 18.00 h

€ 43 € / persoa

📍 Adegas Celme

### Cata de tres colleitas Celme

Visita aos viñedos ecolóxicos e ás instalacións da adega con posterior cata do viño Celme de Pena Bicada, de 3 colleitas consecutivas. Coñeceremos a historia da adega a través dun viño branco plurivarietal de castes autóctonas, observando o paso do tempo e as características de cada unha das anadas traducidas en colleitas especiais. A cata acompañarase con petiscos de proximidade.

🕒 Sábado 14 de maio, ás 18.00 h

€ 28 € / persoa

Grupo mínimo de 4 persoas

📍 Adegas Celme

### Cata de vermú de castes autóctonas galegas e botánicos ecolóxicos

Esta actividade inclúe visita aos viñedos ecolóxicos e ás instalacións da adega con posterior cata dun viño plurivarietal e de dous vermús, branco e encarnado. Coñeceremos a elaboración artesanal do vermú de Celme e descubriremos os botánicos naturais que fan do Celmú unha bebida única e orixinal. Déixate sorprender e goza nunha contorna senlleira.

🕒 Sábado 13 de maio, ás 12.30 h e domingo 14 de maio, ás 13.00 h

€ 21 € / persoa

📍 Adegas Celme

### 📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Adegas Celme

Tel.: 639 081 810 / 636 520 584

[www.adegascelme.com](http://www.adegascelme.com)

[comunicacion@adegascelme.com](mailto:comunicacion@adegascelme.com)

### APERITIVO CON VERMÚ ARTESANAL

Adega Cuñas-Davia organiza un aperitivo consistente na maridaxe de tres dos seus viños con conservas artesanais "Premium" das nosas rías, queixos galegos, embutidos de porco celta de Osmo e grolíño de Anxélica.

🕒 Venres 12, sábado 13 e domingo 14 de maio, ás 14.00 e ás 16.00 h  
€ 25 € / persoa

📍 Adega Cuñas Davia

#### 📄 MÁIS INFORMACIÓN:

Adega Cuñas Davia  
Tel.: 669 892 681  
www.vinosdoribeiro.es  
enoturismo@adegasvaldavia.com

### PÍCNIC ENTRE VIÑEDOS

A experiencia inclúe un percorrido polo viñado que rodea o Pazo de Toubes, un pazo restaurado, do século XVIII, no corazón do Ribeiro. Coñeceremos o cultivo das variedades autóctonas do Ribeiro no interior dunha adega centenaria. Degustaremos un pícnic entre viñedos, rodeados de tranquilidade e natureza, que consistirá nunha cesta para dous adultos composta por produtos galegos de proximidade (botella de viño Viña Costeira, empanada, embutidos, conservas, paté, pan, bica...), e os cativos disporán doutra con bolo preñado de chourizo, mosto de uva e bica da "Ermida".

🕒 Domingo 14 de maio, ás 12.00 h  
€ 35 € / adult@s, 15 € / nen@s (de 5 a 17 anos)

📍 Pazo de Toubes

#### 📄 MÁIS INFORMACIÓN:

Pazo de Toubes (Viña Costeira)  
Tel.: 648 237 385  
www.costeira.wine  
enoturismo@costeira.es

### ECO-BARCO DO RIBEIRO

Arnoia Caldaria Hotel Balneario organiza un paseo polo río Miño nunha embarcación eléctrica de emisións 0, que permite coñecer mellor a Denominación de Orixe máis antiga de Galicia. Degustación de viño da Denominación de Orixe O Ribeiro.

🕒 Venres 12 e sábado 13 de maio ás 16.30 h e domingo 14 de maio ás 12.00 h

€ 20 € / persoa

#### 📄 MÁIS INFORMACIÓN:

Arnoia Caldaria  
Tel.: 988 492 400  
www.caldaria.es  
reservas@caldaria.es

### GANDARELA TURISMO RURAL

Visita guiada a esta antiga casa de labranza que conta cunha adega restaurada do S. XVII. Ubicada en Carballeda de Abaixo, no corazón do Ribeiro, está situada entre pequenos socalcos de antigos viñedos. Coñeceremos a súa historia e poderemos degustar os seus viños de "Colleiteiro" elaborados con castes autóctonas, acompañados por produtos galegos de proximidade como empanada, embutidos, pan, bica... Todo isto, gozando dunhas espectaculares vistas sobre o río Miño. Aforo limitado, necesaria reserva.

🕒 Sábado 13 e domingo 14 de maio, ás 12.30 h

€ 16 € / persoa

#### 📄 MÁIS INFORMACIÓN:

Gandarela turismo rural  
Tel.: 667 727 249  
www.gandarela.es  
reservas@gandarela.es

